



HISTORIA DA ARTE

O que di o curriculum oficial: O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

O que engadimos nós: Se algo puxo en evidencia a recente pandemia que gardamos na memoria é que unha das cousas máis importantes nas nosas vidas é a Arte nas súas múltiples facetas. Sen as series, a música, o cine o confinamento sería de certo moito peor. Coa materia de Historia da Arte achegámonos aos fundamentos desa relación tan invisible como fundamental que temos co feito artístico.

O que engaden outros:

Tal vez, si pudiera hablarte
de si fuera cierto que el poder del Arte
bien nos pudiera salvar
de una vida inerte, de una vida triste
de una mala muerte.

Robe Iniesta

Que contidos:

ARTE GREGA
ARTE DE ROMA
ARTE BIZANTINA
ARTE PRERROMANA
ARTE ROMÁNICA
ARTE GÓTICA
ARTE DO RENACEMENTO
ARTE DO BARROCO
ARTE DO S. XIX
ARTE DO S. XX E CONTEMPORANEIDADE